



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 29 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00059571D.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Aprobación da revisión de tarifas do servizo da ORA, guindastre e depósito, para o ano 2022.

Aprobación das tarifas da ORA, guindastre e depósito, ano 2022.

Acórdase aprobar as tarifas propostas para cada un dos servizos que forman parte do encargo de xestión da entidade TUSSA da ORA, GUINDASTRE e DEPOSITO DE VEHÍCULOS, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2022, de acordo co informe da xerencia que se recolle nas consideracións e que serán as seguintes:

SERVIZO	CUSTES para Tussa	HORAS SERVIZO	PREZO HORA
SERVIZO ORA	939.833,39	22.931	40,99
SERVIZO GUINDASTRE	432.651,48	7.644	56,60
SERVIZO DEPÓSITO	322.743,78	8.760	36,84

TOTAL: **1.695.228,65 euros.**

3. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Aprobación da revisión de tarifas da pasarela da Intermodal, exercicio 2022.

Aprobación da revisión de tarifas da pasarela da Intermodal exercicio 2022.

Apróbanse as tarifas pola xestión da pasarela de acceso á estación de autobuses para o exercicio 2022, de conformidade co informe da xerencia, transcrito, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022, cun custo de 138.680,22 euros (8.760 h x 15,83 €).

4. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00049847Z.

Aprobación dos pagos a conta, para o ano 2022, de Autocares Rias Baixas S.L.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a compensación anual correspondente ó ano 2022, a prol da entidade Autocares Rias Baixas S.L., pola presentación do servizo de transporte urbano, na liña 7 San Roque-Aríns-Fornás, a cantidade de 287.119,66 €; que suporá, o abono trimestrais como pagos a conta do 90% do importe da liquidación, en tres facturas trimestrais de 64.601,92 € e unha última de 64.601,93 €.

Segundo.- Aprobar a continuidade da prestación do servizo da liña 7 San Roque-Aríns-Fornás, levado a cabo pola entidade Rias Baixas S.L., segundas condición acordadas pola Xunta de Goberno Local de 14 de marzo de 2013.

5. EDUCACIÓN. Referencia: Validación OFI S/2022/426.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda OFI S/2022/426.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO SETENTEA E CINCO MIL CENTRO TRINTA E UN EUROS con OITENTA CÉNTIMOS (175.131,80 euros).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

6. EDUCACIÓN. Referencia: Validación OFI F/2022/475.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda OFI F/2022/475.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por OITENTA E SEIS MIL DEZASETE EUROS con DOCE CÉNTIMOS (86.017,12 euros).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

7. EDUCACIÓN. Referencia: Validación da OFI Factura F/2022/920.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda OFI F/2022/920.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS CORENTA E OITO EUROS con SETENTA E OITO CÉNTIMOS (1.548,78 euros).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

8. EDUCACIÓN. Referencia: Validación OFI F/2022/922.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda OFI F/2022/922.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por OITENTA E SEIS MIL DEZASETE EUROS con DOCE CÉNTIMOS (86.017,12 euros).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/6255.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda dos gastos ocasionados en concepto de servizos postais, factura núm. F/2022/6255 expedida por Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, S.A., correspondentes ao mes de novembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRINTA E SEIS MIL TRESCENTOS CORENTA EUROS CON VINTE SETE CÉNTIMOS (36.340,27 €), segundo factura F/2022/6255 que se achega no expediente, en concepto de servizos postais correspondentes ao mes de novembro de 2022”.

10. DEPORTES. Referencia: 2022/00042224G.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Triatlón Santiago para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada por CLUB TRIATLÓN SANTIAGO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 20.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890010.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB TRIATLÓN SANTIAGO por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890010.

11. DEPORTES. Referencia: 2021/00048525F.

Xustificación final do convenio de cooperación asinado entre o Concello de Santiago, a Xunta de Galicia, a Deputación de A Coruña e a USC, para o financiamento e execución das obras consistentes na renovación e o acondicionamento das instalacións de atletismo do estadio universitario situado no Campus Vida.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación da segunda parte e final presentada pola UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA do convenio de cooperación asinado entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, o Concello de Santiago, a Deputación Provincial de A Coruña e a USC, para o financiamento e execución das obras consistentes na renovación e o acondicionamento das instalacións de atletismo do Estadio Universitario situado no Campus Vida, sendo a cantidade a abonar de 68.130,62 €, e dicir, o 30% do total considerado por valor de 227.102,08 euros, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34200 7670000, proxecto de gasto 2018 2 USCAT 61.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA por importe de 68.130,62 €, con cargo á aplicación 090 34200 7670000, proxecto de gasto 2018 2 USCAT 61.

12. EMPREGO. Referencia: 2021/00058190N.

Xustificación do convenio con COGAMI para o ano 2021.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación da subvención concedida á Entidade COGAMI, para o desenvolvemento dun proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2021, por importe de 13.698,91 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 24100 4890001.

Segundo. Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Entidade COGAMI, por importe de 13.698,91 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 24100 4890001.

13. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00018250L.

Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para subvencionar a realización das accións “Dirección executiva da Axenda Urbana de Santiago de Compostela, dentro do PEAL” e “Xestión do Comité Socioeconómico”, de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese 2022.

Acórdase:

1. Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con documento oficial de identificación ESQ1518001A e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022 por valor de 40.000.-€ con cargo á aplicación 010 43300 4890003 dos orzamentos municipais de 2022.

2. Notificar esta resolución ás persoas interesadas 3. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890003 dos orzamentos municipais de 2022

14. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00034414H.

Aprobación do gasto correspondente á convocatoria de concesión de subvencións municipais complementarias ás convocadas ao abeiro dos Plans Estatais de Vivenda nas áreas de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana delimitadas no Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o gasto correspondente á convocatoria de concesión de subvencións complementarias acordada pola XGL celebrada en data 17 de abril de 2019 engadindo ao dito acordo a autorización do gasto de 175.000,00 €.

15. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2022/00031383L.

Aprobación da xustificación e o pagamento de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2022.

Apróbase a xustificación e o pagamento de subvencións ás asociacións de vecinos para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2022 por un importe total de **60.405 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 040 33404 4890100 segundo o seguinte desglose:

	Nome da entidade	Cantidade a percibir
1	AVV ESPAZO VECIÑAL DE SAR	2.402,70 €
2	AVV RÍO SARELA A PEREGRINA	169,39 €
3	AVV AS MARÍAS	3.000,00 €
4	AVV FALDA DO PEDROSO	639,10 €
5	AVV MONTE DE DIOS	480,77 €
6	AVV CAMINO DE SANTIAGO	1.992,00 €
7	AVV DE BERDIA	1.048,80 €
8	AVV SAN LAZARO MONTE DO GOZO	2.589,01 €
9	AVV A XUNTANZA	2.721,00 €
10	AVV A XUNLLA DA PARROQUIA SAN MARTIN DE	2.482,01 €
11	AVV BRAÑAS DE ANDRÉS	3.000,00 €
12	AVV RÍO SARELA SAN LORENZO	2.149,20 €
13	AVV SANDRA PREGO RIAL	1.349,70 €
14	AVV DA CIDADE HISTORICA FONSECA	3.000,00 €
15	AVV DE SAN JUAN DE FECHA	3.000,00 €
16	AVV AS CANCELAS	381,09 €
17	AVV CONXO ABERTO	3.000,00 €
18	AVV CASA AGRARIA	5.100,00 €
19	AVV BARRIO DE GUADALUPE A PONDEROSA	2.395,73 €
20	AVV VEDESMA SANTA MARTA-CHOUPANA	1.452,30 €
21	FERUSA	3.000,00 €
22	AVV DA GRACIA	3.946,01 €
23	AVV CAMPO DAS ESCOLAS DE BUSTO	639,00 €
24	AVV MONTE LONGO	3.000,00 €
25	AVV ALVARO CUNQUEIRO DE SANTIAGO	5.100,00 €
26	AVV REGO DAS PEDRAS	2.367,19 €

16. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00024523J.

Aprobación da xustificación da subvención nominativa a PERFORMA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA para 2022.

Acórdase:

- Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa a Performa S. Coop Galega visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio.
- Recoñecer a obriga por un importe de 50.000 €
- Ordenar o pago do importe íntegro da subvención 50.000 €